



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 14

**Sesión da Deputación Permanente
19 de xuño de 2020**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGYBg7WYyxH4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera (doc. núm. 64334) (10/SCDP-000019)

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64337) (10/SCDP-000020)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos do mediodía.

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente ou con delegación de voto. (Páx. 5.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta dun punto único, con dous documentos, e informa de que o debate vai ser acumulado e sobre a súa ordenación. (Páx. 5.)

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera (doc. núm. 64334). (Punto único da orde do día.)

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64337). (Punto único da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios proponentes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 6.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 7.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 9.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 12.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios proponentes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 18.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 20.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 21.)



Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 22.)

Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 23.)

Rematado o debate sobre as solicitudes de comparecencia do Sr. conselleiro de Industria, o señor presidente dá por finalizada esta sesión da Deputación Permanente. (Páx. 23.)

Remata a sesión á unha e trinta e seis minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo esta sesión da Deputación Permanente, e para iso prégolle á señora secretaria, a señora Blanco, que comprobe a asistencia.

A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez): Moi bo día, señorías.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, nalgúns casos con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D^a Raquel Arias Rodríguez, D^a Marta Nóvoa Iglesias, D. José Alberto Pazos Couñago, D^a Paula Prado del Río, D. Pedro Puy Fraga, D^a Cristina Isabel Romero Fernández, D^a Marta Rodríguez Arias, D. Gonzalo Trenor López, D^a Sandra Vázquez Domínguez, D. Luis Manuel Álvarez Martínez, D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, D^a Patricia Vilán Lorenzo, D. Julio Torrado Quintela, D^a Luca Chao Pérez, D. Marcos Cal Ogando, D^a Montserrat Prado Cores e D. David Rodríguez Estévez; e os membros da Mesa, que presiden a sesión, D^a Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

Comprobadas as delegacións de voto, hai quórum, señor presidente.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: A orde do día son dous escritos. Un escrito é do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, no que solicitan a comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera.

E o outro escrito é do Grupo Parlamentario Socialista, do Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación na que se atopa a Compañía de Radio e Televisión Galega.

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera (doc. núm. 64334)

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64337)



O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate será a seguinte. Será un debate acumulado, no que os grupos propoñentes repartirán entre eles os vinte minutos —cinco minutos por grupo—; haberá unha rolda do grupo parlamentario non propoñente para fixar a súa posición por un tempo de vinte minutos; e unha rolda de réplica conxunta para os grupos propoñentes de dez minutos —dous minutos e medio por grupo—. Posteriormente procederemos á votación dos documentos.

Comezamos, polo tanto.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, polo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Este grupo parlamentario, xunto co resto dos grupos da oposición, solicitamos xa en reiteradas ocasións a solicitude de comparecencia tanto do presidente da Xunta como dos órganos do Goberno, sen que se levaran a cabo na meirande parte dos casos.

Hoxe estamos falando dunha empresa, de Noa Madera, que vai pechar, polo que van quedar ducias de persoas na rúa, e pensamos que é unha medida excepcional pola cal o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria ten que estar aquí dando explicacións. Tanto o conselleiro como o presidente, neste caso, rexeitan acudir a dar contas a esta Cámara, a Cámara onde reside a soberanía do pobo galego, e parece ser que esa perda de postos de traballo e a ruína de moitas familias non merecen que empreguen o seu tempo en estar hoxe aquí.

Parécenos deplorable que tanto o presidente como os conselleiros non acudan, parécenos deplorable que o presidente da Xunta se agoche outra vez máis no telexornal da Televisión pública e que non dea a cara ante a cidadanía, que está aquí representada.

E, falando da CRTVG, vou contar unha anécdota. Hoxe, vindo para aquí de camiño, estaba a Radio galega en primeira liña nas manifestacións dunhas empresas; nunha botándolle a culpa ao alcalde de Vigo e noutra botándolle a culpa ao presidente de España. Non nos dá chegado a hora de que a Radio : alega estea nas manifestacións. Organízanse á entrada deste Parlamento polas malas praxes e a mala política á que moitas veces o noso presidente nos ten acostumbrados.

O caso é que estamos pedindo algo que é o máis lóxico, que é que os nosos representantes políticos acudan a esta Cámara a dar respostas. Eu non sei se na historia deste Parlamento se produciu algunha vez un golpe de Estado de tal magnitude no que o noso presidente teña secuestrados uns medios públicos. Xa sei que van vir vostedes aquí e van falar do que está acontecendo co presidente español, neste caso, coa Televisión Española. Penso exactamente o mesmo, tanto un coma outro están facendo uns usos fraudulentos das canles públicas de radio e televisión.



Eu, pola miña parte, nada máis. Vou cederlle, señor presidente, os dous meus minutos e medio de réplica ao grupo que neste caso está no Goberno, por se acaso non lle chegan os vinte que esta Mesa lle dá.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

Cedeulle dous ao Grupo Parlamentario Popular, serían 22. Iso xa é cuestión de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro que non está no Regulamento, pero el pode dicir na tribuna o que sexa, que iso non molesta a ninguén. Despois quen ten que marcar os tempos son eu.

A señora PRADO CORES: Isto trae tras de si consecuencias en vidas humanas, que é o máis grave; máis de 619 galegos e galegas mortos no día de hoxe. Desde aquí volvemos trasladarlle todo o alento ás familias de todas elas. Mais tamén trae tras de si consecuencias sociais, laborais, económicas e democráticas devastadoras. Por iso, pedimos as dúas comparencias na Deputación Permanente.

Señor presidente do Parlamento, as solicitudes de comparencias foron rexistradas o 5 de xuño, hai exactamente dúas semanas, e é máis que evidente que esta crise está afectando a saúde democrática desta Cámara, manipulada polo Partido Popular, que usa a súa maioría como unha auténtica trituradora e retorce o Regulamento ao seu antollo, non xa para as comparencias —nas que é evidente e parece, salvo que lles caera algo na cabeza aos do Partido Popular vindo para aquí, que non van votar a favor—, tamén para que se debata a posibilidade de que veñan comparecer a esta Cámara.

É un Partido Popular que furta o dereito, polo tanto, ao resto dos grupos políticos —que tamén representamos os galegos e as galegas— a exercer o labor de control do Goberno e o dereito a que dea explicacións das súas actuacións, porque eu teño que lembrarlles que este Parlamento leva disolto catro meses. Leva disolto o Parlamento catro meses, estamos falando dunha anomalía democrática que é aproveitada polo Partido Popular para amordazar calquera posición discordante coa súa versión da realidade, calquera versión discordante co seu relato oficial.

E a escasa saúde democrática tamén se pode medir polo termómetro dos medios públicos galegos. A instrumentalización política dos medios públicos, a súa conversión nunha terminal de propaganda do Partido Popular e mesmo en arma política vén de lonxe, vén de moi lonxe, e nos últimos once anos está acentuada. Mais o paso do tempo non fixo máis que amentala e chega a un momento actual que produce auténtica náusea.



Desde a declaración do estado de alarma o 14 de marzo, Feixóo compareceu máis de 40 veces na Televisión pública de Galiza; unha vez no Parlamento, máis de 40 veces na Televisión pública. Máis de 40 mitins encubertos na Televisión galega en horario de máxima audiencia, 2.400 minutos en pantalla, 40 horas, mentres reduce á máxima expresión a presenza do resto das forzas políticas.

Estase chegando xa á práctica de intentar practicamente case aniquilar o contrario; chégase á práctica de que durante días non lle están poñendo voz á portavoz nacional do BNG e candidata á Presidencia da Xunta. Estamos vendo que durante días sae a información, escasa información do BNG, con voz en *off*. Das outras forzas políticasponse a voz de quen está emitindo a información, mais do BNG non. Denunciámolo hoxe aquí, igual que imos facer a denuncia onde corresponde, porque é inaceptable. É inaceptable o uso que se está a facer dos medios públicos galegos; unha instrumentalización política que, como digo, vén de lonxe, mais nos últimos tempos e durante esta pandemia chega a esta situación de espanto. Eu teño moi claro que diante desta práctica do Partido Popular de quitarlle voz á portavoz e candidata do BNG está esa evidencia do medre continuo e exponencial que está a ter o Bloque Nacionalista Galego e que o Partido Popular quere impedir, pero xa lles digo dende aquí que non o van conseguir. Non o van conseguir, por iso, parece evidente que por parte dun presidente da Xunta con estas prácticas... Nin Franco saía tanto no No-do, nin Franco chegou a facer un uso da Televisión pública como o está a facer neste momento Núñez Feixóo. Co cal, nun país democrático, o normal é que un presidente dea explicacións de por que fai ese uso dos medios de comunicación.

E tamén pedimos a comparecencia para que se deran explicacións de que está facendo a Xunta de Galiza na gravísima situación na que está a empresa Noa Madera, de Fene; unha empresa que tiña 200 traballadores que se dedicaban á montaxe de tendas, e hoxe a situación é que 66 xa están despedidos, que quedan 102 e 90 nun ERTE. Era unha empresa que era viable, mercada por outra empresa co único obxectivo de facer canibalismo empresarial —e hai que chamarlle así, auténtico canibalismo empresarial—, co obxectivo de facerse coa súa carteira de clientes e de eliminar a competencia. E, diante diso, non sabemos que é o que está facendo o Goberno galego, non sabemos que está facendo o conselleiro de Industria para evitar ou paralizar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO CORES: ...o deserto industrial no que se está convertendo o noso país de norte a sur e de leste a oeste. Parécenos que sobran razóns tanto para a comparecencia do presidente da Xunta como para a do conselleiro de Industria para que deran explicacións aquí, onde teoricamente reside a soberanía popular, do que están a facer.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.



A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Por suposto, grazas ás traballadoras e traballadores da Cámara, que fan posible que teñamos estes debates con seguridade.

As semanas pasaban e Feijóo seguía na Televisión de Galicia. Benvidos ao *déjà vu* permanente no que o Partido Popular ten convertido a política galega. Benvidos ao *déjà vu* do maltrato e desprestixio da democracia que nos impoñen, porque unha vez máis se convoca unha deputación permanente e asistimos perplexas ás negativas reiteradas do señor Feijóo a acudir á Cámara a dar explicacións, tal e como é a súa obriga. Un espectáculo bochornoso que dura xa demasiado tempo, mentres el unha vez tras outra vai á Televisión pública. O señor Feijóo, claro, está a outras cousas. Alberto, «o ausente», está a facer campaña co diñeiro de todas e todos os galegos na canle pública en horarios de máxima audiencia, precisamente cando lle correspondería estar aquí para falar xustamente do que acontece cos medios de comunicación públicos; precisamente cando debería explicar por que baixo o seu Goberno a Televisión pública se ten convertido nun esperpento de censura, propaganda e mesmo difusión de *off the records*. Que explique ata cando imos ter que soportar a vergoña de que a Radio e a Televisión públicas de Galicia funcionen como unha sorte de No-Do ao servizo do Partido Popular. E hoxe, á súa ausencia, súmase outra: a do conselleiro de Industria, porque, claro, o que aconteza cos traballadores e traballadoras de Noa Madera non o preocupa, traballadores aos que dende aquí queremos enviar todo o alento e forza, mesmo na manifestación que hoxe teñen convocada en Fene. Oxalá haxa alguén ao outro lado da Consellería de Industria traballando para evitar un desenlace fatal. Á fin e ao cabo, o señor Conde leva tras de si, no seu Goberno, a destrución de máis de vinte mil postos na industria, sen asumir unha soa responsabilidade e sen poñer propostas claras enriba da mesa.

Tanto é así que Noa Madera xa despediu 69 persoas, que se suman a esa longa lista de destrución de emprego industrial que deixa o Partido Popular, unha longa lista dramática e de destrución de emprego, familias en situacións alarmantes, precarización e ausencia de futuro, unha longa lista que evidencia a ausencia total e a falta de política industrial; en vez diso, un suma e segue de tirar balóns fóra e só preocuparse da industria cando o Partido Popular pensa que pode sacar algún rédito electoral.

Sinceramente, nós pensamos que a cidadanía merece algo mellor, merece capacidade, merece competencia, e sobre todo —ante todo— merece respecto, e iso pasa por respectar escrupulosamente as institucións públicas. Lonxe diso, o Partido Popular parece ter un obxectivo claro: desprestixiar toda canta institución pública exista; fano —dicía— con este parlamento en primeiro lugar, ignorando as reiteradas peticións de comparencias dos grupos da oposición, negándose a dar explicacións, como é a súa obriga.

Alberto, ausente; o conselleiro, ausente. Ignoran e silencian o Parlamento de Galicia, acudindo unicamente cando os seus intereses electorais curtopracistas llelo recomandan. Cando hai peticións claras da oposición, prefiren ignoralo, prefiren que non se fale absolutamente nada, e fano tamén, como dicía, cos medios públicos.



Cada día de goberno do Partido Popular é un día máis de vergoña e descrédito dos medios de comunicación públicos deste país. Por iso hoxe súmanse 109 «venres negros», porque hai 109 semanas que as traballadoras e traballadores da Radio e Televisión públicas de Galicia levan denunciando unha situación insostible, sen que aquí pase nada, sen que se dea ningunha explicación, sen que se asuman responsabilidades; 109 venres de denuncias, de soportar unha censura insoportable, de soportar a manipulación e o uso partidario duns medios que financia toda a cidadanía galega.

O Partido Popular de Galicia, a bancada popular, vostedes, só entenden o uso patrimonial das institucións para os seus únicos intereses, e así operan, tanto con este parlamento como cos medios de comunicación. Lamentamos profundamente que sigan teimando no descrédito, porque é unha perda para toda a cidadanía. Lamentamos que o señor Feijóo non estea hoxe aquí para explicar como é posible que a canle pública se vira inmiscida na difusión dun *off the record* que avergoña a calquera, cun único obxectivo: desprestixiar un rival político; que explicara as constantes contradicións entre a dirección deste medio, que dicía non permitir a difusión deste tipo de imaxes apenas unhas horas despois de telas difundido en *prime time*. Unha burla. Sería divertido, se non fora ata dramático, por moita graza que lles faga ás señorías do Partido Popular.

Por iso, dende aquí, hoxe, queremos aproveitar e sumarnos unha vez máis ás reivindicacións das traballadoras e traballadores da canle pública, «Defende a Galega», sumarnos aos seus «venres negros», e dicir que o vindeiro 12 de xullo temos que escoller tamén, temos que saír a defender o dereito á información, o dereito a unha información pública e de calidade, imprescindible para unha democracia segura e de calidade para todas as persoas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

(Pausa.) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Asistimos no caso da empresa Noa Madera Creativa a unha especie de crónica dun desmantelamento anunciado, un desmantelamento que pode ter que ver cun intento en menor escala de copar o mercado desde unha posición practicamente monopolística, impoñer un funcionamento propio, tanto desde o punto de vista mercantil como desde o punto de vista dos dereitos laborais dos traballadores, porque estamos a falar dunha crise que non se xera esta semana, senón que arranca no ano 2018, cando o grupo Malasa compra Noa Madera Creativa, e ao propio tempo pretende facer un ERE extintivo para 100 traballadores, por causas económicas, causas económicas que evidentemente non resultaron acreditadas, posto que estamos a falar dunha empresa que no ano 2018 tiña 40 millóns de euros en activos e 60 millóns de euros en vendas, e polo tanto parece comprometido o argumento de problemas económicos.



O certo é que foron desaparecendo, primeiro, 40 postos e en novembro do ano 2019 a maior parte dos traballadores da oficina técnica de Noa Madera Creativa desprazáronse, ou foron desprazados —mellor dito—, a Cerceda. E agora temos un ERE extintivo para 78 traballadores e outro ERE temporal, por quince meses, que é un período bastante amplo, para 80 máis; é dicir, 160 traballadores, 160 traballadores que, como estamos habituados a oír ultimamente, teñen detrás evidentemente 160 familias. E a pregunta que nos debemos formular é se estas 160 familias son menos importantes que as familias doutros lugares de Galicia onde neste momento se sofre unha crise importantísima, severísima e de moi difícil solución.

E —insisto— parece ser que o obxectivo económico pasa por precarizar as condicións de traballo, que parecen —segundo todos os indicios— bastante peores no grupo Malasa que no grupo ou —mellor dito— en Noa Maderas Creativas.

E eu pregunto: ¿esta crise tamén é culpa do Goberno central? ¿Ten que ver esta crise industrial co sector eléctrico das industrias electrointensivas? ¿Non ten competencias a Xunta de Galicia en materia industrial, tal e como sabemos todos que escribe con claridade o noso Estatuto de autonomía? ¿Non son tan importantes estas familias como outras?

Debería estar o señor conselleiro comparecendo, non neste momento, senón cando esta deputación permanente aprobase a súa comparecencia, para dar as explicacións pertinentes sobre isto, sobre este aspecto, no que a competencia da Xunta é clara e exclusiva. Algo terán que dicir.

Con respecto á solicitude de comparecencia do presidente da Xunta sobre a situación da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, ten chovido tanto, temos falado en tantas ocasións sobre esta situación, que parecería innecesario que os traballadores levaran, como xa se dixo, 105 semanas manifestándose a través desa mobilización chamada «venres negros.» Porque esa mobilización, con fitos tan importantes como esa manifestación en Santiago de Compostela, ou a dimisión de dous destacados presentadores, ou un amplo seguimento da folga, que a propia corporación tentou minimizar, son mostras máis que suficientes da situación na que está a corporación, cun presidente que se nega a responder a preguntas sobre o funcionamento da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, como se non fora con el, como se esa Televisión non estivera practicamente financiada de forma exclusiva con fondos públicos, como se non fora a Televisión e a Radio pública de Galicia e non tivera nada que ver co presidente. Parece ser que o debe ter sintonizado nun canal da súa televisión, ao cal accede en rara ocasión.

Pero este colectivo de profesionais xa alertou do previsible aumento da presión sobre o control —por se xa fora pouco o precedente— coa convocatoria das eleccións, máxime con esta que imos ter dentro dun mes aproximadamente.

Intentouse —eu mesmo defendín neste Parlamento de Galicia— que se impulsara o cumprimento da lei de 2011, con nulo éxito, e o único argumento que seguramente oiremos hoxe é que a Radiotelevisión de Galicia ten uns índices de audiencia que xustifican a súa calidade.

O certo é que a súa actuación se fundamenta en dous eixos fundamentais: a estratexia de manipulación, baseándose fundamentalmente en desprestixiar de forma sistemática as ac-



tuacións do Goberno central e enaltecer toda a actuación da Xunta de Galicia: todo o que vai mal é culpa do Goberno central, todo o que vai ben é mérito da Xunta de Galicia; e a estratexia de silenciar a oposición.

Xa non é que o señor presidente da Xunta de Galicia comparecera en máis de corenta ocasións neste medio público, con todo o horario que fose mester, senón que, evidentemente, non se deu ningunha difusión, nin medianamente proporcional, ás roldas de prensa que durante o período de confinamento mantiveron todos os líderes da oposición. E falo do señor Gonzalo Caballero, que estivo dando entre dúas e tres roldas de prensa todas as semanas do confinamento, das cales quedan, como nos casos dos iogures desnatados, trazas na emisión da Corporación de Radio e Televisión de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, estamos hoxe debatendo, de acordo co que establece o noso Regulamento, o artigo 55.4, sobre a conveniencia de convocar unha deputación permanente específica para tratar as dúas cuestións que propón a oposición.

E sobre as convocatorias da Deputación Permanente co Parlamento disolto temos aprendido moito nas últimas semanas. Temos incluso informes extensos, tanto dos letrados desta cámara como da que estaba na mesma situación que o Parlamento disolto, que é a do País Vasco, que claramente advirten cales son as funcións da Deputación Permanente, que non é substituír o Parlamento, senón simplemente velar polos seus poderes. Tamén fan alusións sobre a importancia de, nunha situación extraordinaria, dar tamén unha resposta extraordinaria. Pero, mesmo recoñecendo isto, hai que recordar que nesta cámara houbo unha actividade moi superior de control ao Goberno da que houbo no País Vasco. Aquí pasaron oito conselleiros, á parte de dúas veces o presidente; na Cámara vasca, soamente o presidente en dúas ocasións, e alí hai conselleiros, nacionalistas e socialistas, que poderían ter defendido a democracia comparecendo tamén oito veces, como fixeron os da Xunta nesta asemblea.

Dicía que o Parlamento vasco, no seu informe, advirte que un dos riscos é o de exercer os poderes cando a Deputación Permanente ten que velar polos poderes da Cámara, e non exercelos, e tamén advertían —e cito literalmente—: «*No se nos escapa que este exercicio de control*» —o que entenden que se pode autorizar— «*podiera llevar a utilizar la Diputación Permanente de forma partidista y espuria para incidir en la batalla electoral.*»

A advertencia dos letrados vascos é atinada, porque certamente estamos nunha situación de Parlamento disolto, como consecuencia de que xa estamos no período electoral, as eleccións



van ser en apenas tres semanas, estaremos en campaña a semana que vén a estas alturas, e, polo tanto, eu creo que esa advertencia é bo tela diante.

Nós certamente non estamos en contra de que se reúna a Deputación Permanente, ponderando a importancia do tema, a transcendencia, a urxencia de que a dita cuestión sexa tratada na Cámara, pero o certo é que esa ponderación, historicamente, polos antecedentes desta cámara, deuse en moi escasas ocasións. Non hai moitos antecedentes de que, unha vez disolta a Cámara por convocatoria electoral, se reunise a Deputación Permanente, nalgún caso porque o Goberno estimou que era urxente darlle traslado dalgunha información. Os grupos da oposición non adoitan pedir que se reúna a Deputación Permanente en pleno período electoral.

Pero, por se todo isto, os antecedentes non fosen suficientes, a ponderación sobre a importancia de convocar a Deputación Permanente para tratar os temas que vostedes nos traen estana a dar vostedes mesmos cando un aprecia onde están os seus líderes, onde están os seus portavoces, os seus candidatos.

Hoxe o señor Núñez Feijóo, efectivamente, está no Consello da Xunta, tomando decisións para previr rebrotes da pandemia, e está no Consello da Xunta tamén o conselleiro de Industria. A señora Pontón está agora mesmo na Coruña, tendo un encontro con representantes do mundo da educación. E o señor Caballero, de acordo coa súa axenda oficial, debe de estar preparando o aniversario do Goberno bipartito, que se cumpre hoxe polo visto, que terá lugar esta tarde ás 18 horas.

Eu non o digo como unha crítica, eu non vou dicir que foxen, eu o único que vou dicir é que isto é o lóxico neste momento. Neste momento a Cámara está disolta, estamos en período electoral, e o que temos que facer os representantes, cuxo mandato está esgotado —e que algúns anhelamos poder renovar—, é precisamente iso: fomentar o voto, falar coa sociedade, traballar nos programas, presentar propostas; e non, evidentemente, reunir unha Cámara que xa ten o mandato extinguido, e menos para outras cuestións que non se entende que sexan perentorias, urxentes e que non poidan agardar a que se constituía a nova Cámara.

Porque vostedes traen aquí dous temas. E eu certamente, chegado este punto, debería concluír. Pero, dado que vostedes fixeron algunhas alusións, quero facer algunha reflexión ao respecto.

Ben, en primeiro lugar, a comparecencia que piden do conselleiro de Industria —que se dixo aquí que levaba moito tempo agardando— fíxose ás tres e media do día 4 de xuño; é dicir, aínda estaba saíndo o conselleiro de Industria pola porta desta Cámara despois de comparecer para falar do problema de Alcoa, aínda non chegara ao seu destino, e xa vostedes estaban pedindo que volviera comparecer. E digo eu: ¡home!, perderon unha oportunidade —de ser tan urxente— de ter aproveitado a comparecencia por Alcoa para traer este tema tamén ao debate.

En segundo lugar, eu quero, sobre esta cuestión de Noa Madera Creativa, manifestar, primeiro, a nosa solidariedade cos traballadores afectados. É certo que son varias decenas de



familias que están nunha situación difícil —algúns están afectados por un ERE extintivo e confiamos en que outros a empresa poida recuperalos por un ERTE, por unha regulación temporal de emprego—. Pero o que si é certo é que a situación desa empresa —vexamos como vexamos o problema, e como dixo o portavoz socialista— é un problema estritamente empresarial. É un problema empresarial; é dicir, non pasa por un cambio normativo, non pasa por regular, como ocorre en Alcoa, a enerxía —que é o 45 % do custo de produción, e noutros países a enerxía é moito máis barata como consecuencia tamén de regulacións públicas e, polo tanto, é decisiva unha actuación pública para darlle continuidade ao emprego en Alcoa—. Aquí estamos falando estritamente dunha cuestión empresarial.

E a Xunta está a resolver e a xustiza —porque nisto evidentemente se aplica a lexislación vixente— está a intervir a conveniencia ou non de que o ERE por razóns económicas se poida facer. A Xunta, evidentemente, vai facer dentro das súas competencias o que sempre fai cando hai un problema deste tipo. Por exemplo, é evidente que toda a reorientación laboral e todos os servizos de emprego estarán á disposición de todas as persoas que están sometidas a ERTE ou ERE. E ademais quero recordar tamén —dise que non se fai nada— que recentemente se chegou a un acordo no diálogo social polo cal as persoas que se encontren nesta situación que teñan máis de 55 anos reciban axudas específicas. E probablemente entre en vigor a partir da semana que vén.

O que non é certo —e non o podo deixar de mencionar— é que non haxa política industrial —e fálase de deserto industrial—. Nesta lexislatura desenvolveuse a Axenda Industria 4.0, que ofreceu axudas a 9.000 empresas e mobilizou investimentos por máis de 1.000 millóns de euros para contratación de traballadores —subvencionando o 75 % do salario de ata 5 profesionais—, no eido da fabricación de maquinaria e outros bens de equipo, de apoio a proxectos nas factorías para a implementación de sistemas dixitais para dixitalizar os procesos produtivos. Nesta lexislatura aprobamos —e creo que é conveniente recordalo— unha Lei de fomento da implantación empresarial. A Lei de implantación empresarial que vostedes chamaron «de depredación». Ben que criticaron a «Lei de depredación» —como vostedes dicían—, que era unha lei que intentaba atraer empresa e industria a Galicia.

Pois, fíxense vostedes, no Consello da Xunta da pasada semana iniciáronse os trámites dos dous primeiros proxectos que se tramitan por esta figura. Son o proxecto dunha coñecida empresa conserveira galega, que vai instalar unha nova planta produtiva relacionada coa conserva na plataforma loxística industrial de Salvaterra-As Neves, na Plisán, e un proxecto dunha importante empresa de aluminio galega que está internacionalizada, que vai crear un campus tecnolóxico en Lamas, no municipio de Padrón. Estes son os dous primeiros proxectos que se acollen a esta lei, con 350 postos de traballo directos e investimentos de 60 millóns de euros. Isto é o que vostedes din que é depredar. Eu entendo que é unha boa política industrial, dous proxectos que cómpre apoiar.

Tamén, evidentemente, apoiamos outras cousas que non existían en Galicia. A señora Chao non estaba nesta Cámara, pero os que levamos xa algún tempo recordamos que dicía a actual ministra de Traballo que nas Rozas se ía instalar unha base da OTAN, e pedía a esta Cámara que fose visitar a base da OTAN porque era unha instalación militarista. Hoxe en día creo que xa non hai dúbidas de que hai un polo industrial relacionado coa aeronáutica en Lugo e que está xerando promoción de investimentos, traballo, etc.



Sobre o naval eu creo que está bastante recuperado. E estes días estou escoitando, despois de que o presidente Feijóo fixera moitas xestións para que en Ferrol se puidesen facer *jackets* de enerxía eólica mariña, pois que agora veñen algúns que se apuntan a iso. Bueno, isto foi criticado aquí porque se dicía que en Ferrol había que facer barcos e non eólica mariña. E foi este Goberno o que o modificou, impulsou e está a xerar traballo e negocio nos estaleiros públicos de Ferrol.

E no ámbito da madeira pois tamén temos moito que dicir. Creouse a Axencia da Industria Forestal, que aprobou en 2019 a Axenda de impulso da industria forestal, que vai impulsar, con axudas económicas, a renovación tecnolóxica da maquinaria forestal e a elaboración de proxectos de vivenda con madeira. E vanse formar máis de cinco mil profesionais para facilitar a adaptación dos traballadores á última tecnoloxía en explotación forestal, serradoiros, carpinterías e na industria do moble, nas empresas da canle contract. En definitiva, este proxecto é de 125 millóns de euros —entre o 2020 e o 2021— de apoio por parte da Xunta.

E podemos recordar que nese deserto que vostedes ven pois está Boeing, Indra e outras empresas investindo nestes momentos —hoxe 50 millóns de euros— nas Rozas; que Citroën-PSA está, cos vehículos intelixentes, investindo 600 millóns na fábrica de Vigo; que Albo se está instalando na Plisan cun investimento de 100 millóns, que Estrella Galicia amplía por 100 millóns a súa fábrica na Coruña; que InLeit, outro proxecto traído da man pola Xunta, en Curtis, está investindo 100 millóns de euros que van reforzar o sector lácteo galego, os produtores do lácteo galego. Podemos citar tamén os máis de 500 millóns que se están investindo nos parques eólicos, os 75 millóns de euros de Finsa en Santiago, os 20 millóns de euros de Benteler en Mos, etc.; e mais os 1.000 proxectos StartIn que está a Xunta fomentando.

Isto non é un deserto. E a proba está en que, se collemos as cifras e vemos como estaba Galicia no 2009, a industria pesaba no noso PIB o 15,3 %. E no 2019 chegamos ao PIB máis alto da historia de Galicia. Hoxe, no 2019 —para ser precisos, porque o 2020 é ano á parte— estamos no 15,5 % do PIB. Creceu ao longo de todo este período. É dicir, houbo un incremento do peso da industria no PIB do 0,2 %. ¿Que pasou en España? En España no 2009 era o 14,8 % e hoxe é o 14,3 %, descendeu medio punto o peso da industria no PIB español, cando en Galicia medrou 0,2 %. Polo tanto, non hai un deserto, e estes proxectos así o avalan.

En postos de traballo é certo que houbo un descenso, entre outras cousas, porque isto ten que ver cos procesos de transformación dos procesos industriais, que tenden á robotización, etc. Pero aínda así quero recordar que ocupados EPA en industria —non conto a construción— hoxe en Galicia hai 179.000 persoas, que representan o 16,4 % do total de ocupados en Galicia. E en España son o 14 %; é dicir, hai aquí en Galicia máis xente que traballa no sector industrial que no conxunto de España. Efectivamente, pasouse do 15,3 % do total de postos de traballo equivalentes na economía galega ao 14,4 %, unha caída de case 1 punto, o 0,9 %. E en España esa caída foi do 1,3 %. Polo tanto, non hai un deserto senón que hai moitas cousas que se están a facer ben.

E iso non quere dicir que a industria non teña problemas. Pero imos buscar os problemas. ¿Onde están os problemas? En que pecha As Pontes, que pecha Ence —que se ameaza co



peche de Ence—, ou que hai, polo menos, moitas dúbidas sobre cal vai ser o futuro do complexo mar-industria na costa galega. Outros sectores confiemos en que reciban o apoio anunciado —por exemplo, o do automóbil acolléndose aos fondos europeos *next generation*—.

E a nós o que nos interesa é seguir traballando nesta liña, falar de futuro con novos proxectos que teñan un censo de solo empresarial que facilite a adquisición de terreos, axudas para crear ecoparques industriais, construción e rehabilitación con madeiras locais no eido público e privado, etc. E iso é o que estamos nestes días intentando trasladar aos sectores, aos traballadores e ao conxunto da sociedade galega.

A segunda cuestión é que compareza o presidente para falar da televisión. Vostedes, que tanto citan a televisión e a súa lei, deberían recordar que o artigo 25 da lei di que o director xeral da Televisión de Galicia exerce as súas funcións con absoluta independencia, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno, da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos partidos políticos ou doutras institucións ou entidades. E isto estase a cumprir.

Hoxe diciamos que celebraban vostedes o aniversario do Bipartito. E isto que se cumpre agora non se cumpría cando gobernaban os socialistas da man dos nacionalistas. Hai que lembrar que daquela o director xeral da CRTVG publicou unha carta dirixida ao vicepresidente nacionalista da Xunta que dicía: «É o meu deber informalo acerca dunha situación que entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da Televisión de Galicia, e que afecta os criterios de profesionalidade, pluralismo, equidade e independencia que deben presidir a actuación dos medios de comunicación públicos». Isto dicía o director xeral nomeado polo Goberno Bipartito en relación cun vicepresidente do Goberno Bipartito. E contéstalle e exíxelle que se absteña de cubrir os actos públicos programados pola Vicepresidencia. E o máis sorprendente é que o director lle contesta que, de acordo coa expresa manifestación indicada, o que vai facer é dar instrucións para que os servizos informativos da TVG se absteñan de acudir aos actos da Vicepresidencia da Xunta. Isto si que é interferir, isto si que é condicionar unha televisión. Dío o propio director da televisión. Isto son tempos pasados. E hoxe que fan unha celebración do aniversario do Bipartito pois cómpre recordar o que pasaba coa televisión que vostedes din que se manipula en tal día como hoxe. ¿Que queremos?, ¿seguir o modelo de Radio Televisión Española, que leva dous anos cunha administradora única e sen consello de administración, que ademais quixeron paralizar o proceso do concurso para a elección do novo director xeral e que antonte mesmo os letrados do Congreso lles dixeron que non podían paralizalo —como era a súa intención para nomear a dedo un novo director xeral da televisión—?

Miren, din que a Televisión de Galicia manipula, que é «TeleFeijóo» e cousas destas. Confunden claramente o que é información institucional co que é información política. Un medio público de información ten a obriga de que as autoridades informen do que está a pasar nunha crise tan importante como é unha pandemia sanitaria. A CRTVG fíxoo e retransmitiu as comparencias do presidente da Xunta, pero tamén retransmitiu todas as do Goberno central. Os medios públicos galegos dedicaron máis tempo —fíxense ben o que vou dicir— á retransmisión das roldas de prensa do Goberno central que ás da Xunta de Galicia. ¿Onde



está a manipulación? A única manipulación que pode haber, cando se di que a Televisión de Galicia o que está facendo é desprestixiar o Goberno central, será que o desprestixia porque o saca moito, porque sae máis que o presidente Feijóo.

En fin, convén falar con certos datos, porque hai un momento no que non é opinable o que fai a Televisión de Galicia, que é precisamente o momento no que estamos, en momentos electorais. Porque aí está claramente fiscalizada pola Xunta Electoral. E quero recordar que cando estaba gobernando o famoso Goberno Bipartito —cuxa celebración de aniversario hoxe vai realizar o Partido Socialista— houbo 12 resolucións, ¡12 resolucións electorais!, considerando que a información dada en período preelectoral e electoral antes das eleccións autonómicas galegas vulneraba os principios básicos de proporcionalidade e neutralidade informativa. ¿Que pasa agora? O PSdeG presentou o 27 de maio na Xunta Electoral unha denuncia contra a CRTVG, á que acusaba de non garantir o respecto aos principios de obxectividade, transparencia e igualdade. ¿Que pasou? Que a Xunta Electoral arquivou a denuncia, como leva desestimando todas as alegacións que fixeron na primeira convocatoria, a que ía ser en abril, o Grupo de Galicia en Común —a nova Marea— contra o plan de cobertura da CRTVG; ou todos os recursos que presentaron os do BNG contra os plans de cobertura ao longo de toda a etapa de Sánchez Izquierdo á fronte da Televisión de Galicia.

Ben, eu creo que con isto poñemos as cousas un pouco no seu sitio. Pero o importante non é iso, o importante é que a CRTVG está nos postos de cabeza das canles coas que máis se identifica a súa audiencia. Hai unha enquisa de FORTA que di que o 90 % dos galegos estiman que a CRTVG é a canle que máis contribúe á promoción dos valores culturais da nosa comunidade —20 puntos máis que a media do resto das televisións autonómicas—. O importante é que nesta crise da covid-19 o medio de referencia informativa en Galicia foi a Televisión de Galicia, que mantivo durante todo este período o liderado na franxa horaria de 13:30 a 15:30, con cotas de pantalla do 19,4 en marzo, do 17,1 en abril e do 18,1 en maio. Datos de Kantar Media.

O importante é que en abril os informativos da TVG foron os que chegaron a máis poboación, porque 158.000 galegos elixiron libremente informarse sobre a crise pola Televisión de Galicia. E a Televisión de Galicia foi a única canle que conseguiu que os seus informativos figurasen entre os vinte e cinco programas máis vistos en Galicia en abril.

Despois destes datos, eu quero felicitar os traballadores da Televisión de Galicia e os seus directores, porque están facendo un excelente servizo de información pública.

Por suposto, o cumprimento da lei por parte do Goberno é estrito. Aprobou o mandato marco, aquí a Cámara —como saben— elixiu por consenso os membros do consello de administración e está traballando no estatuto profesional e no consello de informativos. E o que é importante: pecha as contas todos os anos con equilibrio ou superávit. É 1,6 millón de euros de superávit no peche do exercicio do 2019, cousa que non fan outras televisións, por exemplo, a Española.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor PUY FRAGA: En definitiva, que estamos ante unha televisión que é a base para difundir a nosa lingua, a nosa cultura e fomentar o noso sector audiovisual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PUY FRAGA: Resumo, señorías. Estamos en período electoral, pronto renovaremos o mandato desta cámara, en apenas tres semanas. Eu quero desexarlles a todos vostedes e ás súas forzas políticas que fagan a campaña con responsabilidade porque o virus segue entre nós, que teñan sorte na campaña, que teñan sorte cos seus actos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor PUY FRAGA: ...pero nos seus actos, non convertamos a Cámara nun plató para mitins de campaña.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PUY FRAGA: Porque ao final quen vai decidir é o pobo e seremos todos convocados a traballar por unha tarefa inxente, increíble,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, debe concluír.

O señor PUY FRAGA: ...a de recuperar Galicia tras a crise da covid.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Temos a continuación unha rolda de réplica dos grupos propoñentes.

En primeiro lugar, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez, polo Grupo Parlamentario Mixto.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

Pásase entón ao seguinte grupo.

En representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Eu de verdade, señor Puy, teño que dicirlle con toda franqueza que lamento moito que ante os problemas dunha empresa como Noa Madera, onde desde que pedimos a comparecencia xa están despedidas sesenta e seis persoas, que vostede considere



que pretender que se fale neste parlamento, que leva catro meses disolto, dese problema é un mitin político. ¡Alá vostede! Igual podía ir alí onda eles e dicirlles que vostedes non tratan o tema nin consideran que teña que vir aquí o conselleiro de Industria falar do tema porque ese é un mitin político.

E eu lamento que non usara os seus vinte minutos para darlle algunha alternativa, algún futuro, ou que puidera explicar algo do que está facendo o Goberno galego para darlle saída e que as sesenta e seis non acaben sendo duascenas. Porque si, vostede falou aquí de que non é unha cuestión de cambiar a normativa. Si que é cuestión de cambiar a normativa, porque, entre outras cousas, se acaba de haber un despido de sesenta e seis persoas sen acordo é porque vostedes aprobaron unha reforma laboral que permite que iso sexa así. E se tivera vinte minutos explicarlle bastantes máis cousas. Pero parece que ao Partido Popular os problemas dos traballadores do noso país non lle importan absolutamente nada.

E tamén está moi ben que vostede veña aquí e parabenice os traballadores dos medios públicos. Estaría bastante mellor se en vez diso lles quitaran a mordaza, porque eses traballadores públicos que vostede aquí veu parabenizar levan, efectivamente, cento nove Venres Negros, dous anos, denunciando a manipulación sistemática por parte do Partido Popular dos medios públicos.

Por certo, o director e o Consello de Administración da CRTVG non foron elixidos por consenso nesta cámara. Non, perdoe: o BNG non votou a favor dese consello de administración, está vostede confundido. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Un consenso é un consenso entre todos. Suponse que un acordo e un pasteo entre dúas forzas políticas non é un consenso, é un acordo entre dúas forzas políticas, digo eu. Cando se fala de consenso é que hai un consenso entre todos, paréceme a min.

Polo tanto, dígoo para quen non coñeza o funcionamento da Cámara, que moita xente non o sabe, hoxe o que estamos aquí é intentando e imos votar se se convoca unha deputación permanente para que se trate a situación dunha empresa que tiña douscentos traballadores, neste momento xa ten sesenta e seis menos, e que parece que o futuro vai para que desapareza, porque sinceramente e os datos están aí.

Esta foi unha clara operación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de canibalismo onde unha empresa comprou outra só para facerse cargo da súa carteira de clientes e nada máis. E diante diso a Xunta de Galiza non está nin se lle espera, e o Partido Popular non considera necesario. Igual que, efectivamente, a situación dos medios de comunicación públicos onde o omnipresente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...presidente da Xunta leva corenta horas, dous mil e pico de minutos, en campaña electoral, e logo vén aquí o representante...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...do Partido Popular dicir que non veñamos facer campaña ao Parlamento porque, claro, no Parlamento non se fai campaña...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...faina nos medios públicos soamente quen ten a chave, que é o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Que vostede veña aquí falar de electoralismo, señor Puy, é difícil de enténdelo e de comprendelo, porque díxeno antes e a hemeroteca está dispoñible para todo o mundo: vostedes só se acordan do Parlamento cando pensan que poden sacar algún rédito electoral. E se lles parece electoralista vir aquí falar dos problemas reais da xente, non sabemos entón que tanto interese tiveron en vir hai dúas semanas falar de Alcoa. ¿Hai dúas semanas non era electoralismo e hoxe sería electoralismo? Mágoa que se non queren vir ao Parlamento non destinen polo menos o seu tempo... ¿Sabe onde estaría moi interesante que acudiran o señor Feijóo e o señor Conde? Pois a reunirse cos traballadores de Noa Madera, por exemplo. Coido que iso non sería electoralismo, sería facer o seu traballo, sería poñer alternativas sobre a mesa.

E é curioso que vostede puxera esta advertencia do electoralismo. ¡Mágoa que non a aplicara!, ¡mágoa que nos fixeran asinar un acordo do funcionamento da Deputación Permanente que non respectaron nin un só día! Creo que iso tamén se chama electoralismo.

Pero fíxese que aportou algún dato sobre a situación da industria en Galicia, e resúltame curioso que só atope a explicación de que teñamos vinte mil postos de traballo menos, que diga: ben, isto é só consecuencia da robotización. É que con vostedes non vai nada. Se pechan empresas, é culpa do Goberno do Estado; se se perden postos de traballo, é consecuencia da robotización. Claro, un acaba preguntándose: ¿entón, para que queremos o Goberno galego? Igual para deixar partidas de Industria sen executar, porque, curiosamente, disto vostede tampouco dixo nada. Non dixo nada dos recortes sistemáticos en materia de industria, pero non dixo nada de que o seu goberno o ano pasado deixara case douscentos millóns de euros sen executar en partidas de Industria. E igual isto ten algo que ver con que se perdan vinte mil postos de traballo; igual algo ten que ver con que se pechen día tras día empresas neste país sen que vostedes fagan nada. Pero —xa digo— vostede non dixo nada.

¿Sabe do que non dixo nada tampouco? De por que Galicia ten o peor índice de produción industrial de todo o Estado, o peor, segundo os últimos datos. O 59,2 versus 68,5 a media do



Estado. Diso vostedes supoño que tampouco teñen ningunha responsabilidade. Igual é a robotización ou igual é o Goberno central. Pero volveríamos á mesma pregunta: ¿entón, para que queremos un goberno autonómico?

A cousa aínda chega a ser máis chamativa porque nunha das últimas deputacións permanentes, á que veu o señor Feijóo, non só se queixou do que pasaba con Noa Madera, senón que dixo que era un magnífico exemplo, que o Grupo Malasa, propietario da empresa, era un exemplo. ¿Exemplo de que?, ¿exemplo de que nunha situación crítica o que hai facer é despedir as persoas e botalas á rúa? ¿Exemplo de que?, ¿de precariedade e maltrato aos traballadores? Gustaríanos que viñeran o señor Feijóo e o señor Conde explicalo. ¡Oxalá —diciallo— o señor Feijóo e o señor Conde abandonen a campaña electoral por cinco minutos e se preocupen dos problemas reais, senten a falar cos traballadores e traballadoras...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...de Noa Madera e aporten algunha solución, aporten axudas e apoio financeiro! Iso chamaríase gobernar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao Pérez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a continuación por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas de novo, señor presidente.

Señor Puy, moito lle preocupa ese acto de celebración que temos hoxe pola tarde, posto que o citou tres ou catro veces como mínimo na súa intervención. Desde logo, se hai un argumento repetido é ese. E dígolle unha cousa: ¡oxalá dentro de quince anos se poida volver ter outra celebración idéntica a esa, porque, evidentemente, concordo con vostede en que estamos todos chamados a unha tarefa inxente de reconstrución de Galicia, pero tamén lle garanto que a reconstrución non vai ser igual dependendo de quen governe ou non governe!

Dixo vostede que non se opoñían á convocatoria da Deputación Permanente sempre ponderando os asuntos. E ese é un argumento extraordinariamente perigoso, porque ¿como se pondera unha situación dunha empresa con respecto a outra? Porque se a cuestión é meramente numérica, sabe vostede que iso non é unha ponderación. A ponderación introduce un factor de corrección. ¿É que pondera menos unha familia de Fene que unha familia de Cervo? Non, claro que non, evidentemente. Xa sei que non quixo vostede dicir iso, pero falou da ponderación dos asuntos para convocar unha deputación permanente.

E tamén lle quero dicir que fixo vostede un emprego perigoso da linguaxe. A linguaxe non é neutra, sábese vostede tan ben ou mellor ca min. Pero cando fala de varias decenas minimiza o problema, porque varias decenas tamén son os traballadores de Alcoa, máis decenas si, pero tamén son varias decenas.



E, ¿como non?, non podía faltar na súa intervención o repaso a ese suposto ataque á política industrial de Galicia por parte do Goberno central, construíndo a maior parte dos seus argumentos —e vostede sábeo perfectamente— con base en medias verdades e, polo tanto, tamén a medias mentiras.

E con respecto á Televisión de Galicia —porque a min non me pode ceder o tempo o señor Rodríguez, cousa que a vostede sen chegar a cederllo case empregou unha parte desa cesión—, que vostede fale da famosa cartiña entre dous membros dun goberno ten mérito porque iso non lle pasa ao Partido Popular nunca. Por exemplo, o nada edificante espectáculo de Madrid entre o conselleiro de Sanidade e o conselleiro dos Servizos Sociais por conta da polémica das residencias non ten nada que ver con vostedes.

E fala vostede de independencia. ¿Sabe unha cousa? A independencia demóstrase actuando. E neste caso a carta á Dirección da Radio e Televisión de Galicia non a manda un membro do Goberno, mándanlla todos os venres os traballadores da Corporación, todos os venres, e son cento cinco, un detrás de outro.

Polo tanto, eu entendo da súa intervención, salvo sorpresa de última hora —sorpresa que sería maiúscula—, que van votar que non, pero creo que non están vostedes a ponderar debidamente a importancia dos asuntos dos que queríamos falar nunha deputación permanente na que asistisen o conselleiro de Industria e o señor presidente da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Procedemos á votación.

Podemos facer a votación conxunta, se lles parece, dos dous documentos. ¿Non hai inconveniente por parte dos portavoces? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quérena por separado?

Ben, pois se a queren por separado votamos en primeiro lugar o documento 64334, que é o que se corresponde neste caso co emprego de Noa Madeira.

Comunícanme que podemos votar desde o escano.

Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude de comparecencia.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora o documento 64337, que é o que se corresponde coa Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude de comparecencia.

O señor PRESIDENTE: Como non temos máis asuntos, remata aquí esta deputación permanente.

Bo día a todos.

Remata a sesión á unha e trinta e seis minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

